

**CONVOCATORIA DA PRIMEIRA EDICIÓN DO PROGRAMA «XERACIÓN TALENTO»  
NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA EN COLABORACIÓN  
COA FUNDACIÓN PRINCESA DE GIRONA**

**BASES REGULADORAS**

**Primeira. Obxecto**

Esta convocatoria ten por obxecto desenvolver na Universidade da Coruña (UDC) o programa «Xeración talento», un proxecto promovido e impulsado pola Fundación Princesa de Girona. A finalidade deste programa é o desenvolvemento de competencias para mellorar a empregabilidade da nosa mocidade, polo que ao estudiantado participante se lle ofrecen como premio as ferramentas que precisa para acelerar a súa carreira profesional e acrecentar o seu acceso ao emprego. O estudiantado tamén terá a oportunidade de conectar con mozos e mozas de toda España. Así mesmo, unha característica diferencial deste programa é a mobilidade xeográfica para participar nalgúns das súas actividades, por proporcionar a Fundación Princesa de Girona axudas económicas en concepto de desprazamento.

**Segunda. Funcionamento do programa e número de prazas**

1. O programa componse de dous itinerarios formativos para escoller:

- Itinerario 1: mentoría de orientación profesional + xuntanzas (*sprints*) formativas (formación en liña) + 2 centros de desenvolvemento. A duración aproximada é de 45 horas e realizarase durante o curso académico 2024/25.
- Itinerario 2: mentoría de orientación competencial + xuntanzas (*sprints*) formativas (formación en liña) + 2 centros de desenvolvemento. A duración aproximada é de 40 horas e realizarase durante o curso académico 2024/25.

Ademais, existen itinerarios flexibles, que se poden realizar por bloques e durante dous anos académicos.

O traballo en centros de desenvolvemento consiste en visitas formativas ás instalacións de empresas líderes en España.

O estudiantado participante poderá participar nos foros de talento do programa «Tour do talento» da Fundación Princesa de Girona.

2. A Fundación Princesa de Girona ofrecerá axudas de mobilidade para asistir aos centros de desenvolvemento, os foros de desenvolvemento ou as reunións cos mentores e as mentoras.

3. O número de prazas ofertadas nesta primeira edición é de dez.

4. O estudiantado participante poderá solicitar o recoñecemento de créditos ECTS por esta actividade.

5. Entre os beneficios de participar para o estudiantado, destacan os seguintes:

- Impulsar a súa carreira profesional e aumentar a súa empregabilidade.

- Contar cunha aprendizaxe continua das competencias e habilidades brandas (*soft skills*) más solicitadas polo mercado laboral.
- Coñecer as últimas tendencias dixitais e a súa aplicación no mercado laboral.
- Descubrir novas perspectivas.
- Incrementar a confianza en si mesmo.
- Realizar traballo en rede (*networking*) con profesionais das empresas líderes deste país.
- Ser da «xeración talento», unha comunidade comprometida, curiosa e corresponsable.
- Dispoñer de axudas económicas de mobilidade para asistir aos centros ou ás reunións cos mentores e as mentoras.

6. Pode consultarse información máis detallada sobre o contido e as características do programa na páxina web <https://generaciontalento.org/>.

#### **Terceira. Requisitos das persoas participantes**

Poderá participar nesta convocatoria o estudiantado da UDC que cumpra os seguintes requisitos:

- Ter a cidadanía española ou ser residente en España.
- Ser estudiante de terceiro ou cuarto curso de calquera dos graos da UDC. Por tanto, debe estar matriculado neles no ano académico 2024/25. No caso do alumnado de títulos de Grao cun plan de estudos cunha duración superior aos catro anos, o estudiantado elixible deberá estar matriculado en terceiro ou nun curso superior.

#### **Cuarta. Forma e prazo de presentación de solicitudes**

1. As persoas candidatas deben cubrir e enviar o formulario en liña que se atopa no enderezo web <https://forms.office.com/e/Z2KbM0wFEW>. Tamén estará dispoñible na páxina web da Unidade de Emprego da Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade, con este enderezo: <https://udc.gal/emploi>.

2. Cómpre anexaren toda a documentación que se lles require no mencionado formulario, e nomeadamente a seguinte:

- Copia do expediente académico en que figure a nota media na data de publicación da convocatoria (resulta suficiente coa obtida a través da Secretaría Virtual).
- Certificados ou xustificantes oficiais das actividades extracurriculares que o/a candidato/a desenvolve ou desenvolva desde o seu ingreso na UDC (en casos excepcionais, poderanse admitir actividades previas).

Deben ser actividades que non estean directamente vinculadas á titulación que se cursa, como, por exemplo, as accións de voluntariado; a pertenza a órganos colexiados, comisións ou comités da UDC; a pertenza a asociacións; a formación en idiomas; a asistencia a cursos e

xornadas; a práctica deportiva profesional; o desempeño dunha actividade laboral mentres se estuda etc.

Todas as actividades deberán estar debidamente acreditadas con documentos oficiais. O número máximo de actividades para ter en conta é de dez en cada un dos apartados do baremo (véxase o punto 2 da cláusula sexta).

- Carta de motivación en galego ou castelán en formato PDF e cunha extensión máxima de 500 palabras.

Nesta carta, o estudantado deberá explicar os motivos polos cales considera que debería ser elixido para formar parte do programa. Poderá reflectir as competencias, habilidades e destrezas que o fan idóneo para participar, en especial as que non se poidan detectar a través da documentación achegada, así como as súas motivacións e aspiracións. En todo caso, debe limitarse á extensión máxima e empregar unha redacción formal.

De ser preciso, poderase requirirlle ao alumnado que forneza a documentación adicional que sexa oportuna co fin de poder valorar axeitadamente a súa candidatura.

3. O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC e remata ás 23:59 h do día 24/09/2024. Non se admitirán solicitudes con data de rexistro posterior á de finalización do prazo correspondente.

### Quinta. Organización

1. Organizar estos premios correspóndelles á Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade da UDC e á Fundación Princesa de Girona.

2. Habilítase á organización para resolver calquera imprevisto sobrevido que nonse recolla nestas bases.

3. Para calquera dúbida ou consulta o estudantado pode dirixirse a:

Emprego UDC (Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade)

Tel.: 981 167 000, extensíons 3618, 3617, 3616, 2903

Correo electrónico: [emprego.vee@udc.gal](mailto:emprego.vee@udc.gal)

### Sexta. Criterios de valoración das candidaturas

A valoración das candidaturas realizarase de acordo cos principios de transparencia, capacidade e mérito. Conforme estes principios, aplicarase o seguinte baremo:

1. Nota media do expediente académico (30 % da valoración total): máximo 30 puntos.

- Nota cualitativa aprobado/a: ata 10 puntos.
- Nota cualitativa notable: ata 20 puntos.
- Nota cualitativa sobresaliente: ata 30 puntos.

2. Actividades extracurriculares (45 % da valoración total): máximo 45 puntos.
  - Actividades de cooperación e voluntariado: ata 9 puntos.
  - Actividades de participación e asociación (pertenza a comisións, asociacións etc.): ata 9 puntos.
  - Actividades de formación (asistencia a cursos, xornadas, idiomas etc.): ata 9 puntos.
  - Actividades deportivas profesionais: ata 9 puntos.
  - Desempeño dun traballo que se compaxine cos estudos: ata 9 puntos.

Terán unha ponderación superior aquelas actividades que, con similares características, supoñan un maior número de horas.

3. Carta de motivación (25 % da valoración total): máximo 25 puntos.

En caso necesario, poderase convocar as persoas candidatas a unha entrevista persoal.

O estudantado seleccionado será aquel que obteña unha maior puntuación segundo o baremo anterior.

#### **Sétima. Xestión, avaliación das candidaturas e fases do proceso**

1. A Unidade de Emprego da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade encargarase da xestión das candidaturas.

2. A avaliación das candidaturas será efectuada conjuntamente por parte de persoal da UDC e da Fundación Princesa de Girona.

3. O proceso de selección desenvolverase de acordo coas seguintes fases:

- Prazo de inscrición: desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC ata as 23:59 h do día 24/09/2024.
- Publicación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas na Sede Electrónica da UDC: ata o 30/09/2024. Presentación de reclamacións: ata o 02/10/2024. O escrito de reclamación achegarase ao enderezo de correo electrónico [emprego.vee@udc.gal](mailto:emprego.vee@udc.gal), co asunto «Programa Xeración talento 2024».
- Publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas na Sede Electrónica da UDC: ata o 04/10/2024.

A listaxe definitiva servirá como listaxe de agarda para que, no caso de existir renuncias, a Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade realice un chamamento de suplentes por orde de puntuación.

4. O alumnado finalmente seleccionado participará nun evento de presentación do programa que se desenvolverá na UDC e a que acudirán, entre outras persoas, representantes institucionais desta universidade e da Fundación Princesa de Girona.

#### **Oitava. Aprazamento ou suspensión do programa**

1. En casos de forza maior, a organización poderá aprazar ou suspender o programa, o cal se dará a coñecer nos mesmos medios onde se publicou esta convocatoria.
2. En caso de aprazamento, comunicárselles aos/ás participantes igualmente esta incidencia, que se dará a coñecer nos mesmos medios onde se publicou esta convocatoria.

#### **Novena. Recursos**

Esta convocatoria e a resolución de concesión esgotan a vía administrativa. Contra elas poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo da Coruña, sede do órgano autor do acto, nun prazo de dous meses que comenzará a contar desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da UDC, así como nos taboleiros oficiais de anuncios desta universidade.

Con todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra a devandita resolución un recurso de reposición, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes que comenzará a contar desde o día seguinte ao da súa publicación. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente citado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **Décima. Tratamento de datos de carácter persoal**

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase de que os datos facilitados na concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal).

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a execución do programa «Xeración talento», descrito na convocatoria. Todas as persoas que entren en contacto con eles coa citada finalidade cumplirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. Os datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumplir con tal finalidade, sen prexuízo da súa conservación pola posible esixencia de responsabilidades legais.

A concorrencia a esta convocatoria implica a publicación dos datos na resolución da solicitude, dentro do Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC.

A UDC comunicará os datos das persoas solicitantes á Fundación Princesa de Girona para os efectos de realizar conxuntamente o proceso de selección de candidaturas, tal e como se indica na cláusula séptima desta convocatoria. Así mesmo, os datos das persoas seleccionadas

serán comunicados á Fundación Princesa de Girona para executar o Programa «Xeración talento».

A persoa interesada consente expresamente o citado tratamento de datos para os efectos de cumplir coa finalidade descrita. Terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con algunha das outras bases de lexitimación que se recollen no artigo 6 do RXPD.

Así mesmo, ten dereito a solicitarlle á responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Igualmente, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Tales dereitos poderanse exercer, sinaladamente, ben a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, no apartado «Outros trámites»; ben mediante unha solicitude remitida, por correo postal ou a través dos rexistros presenciais e da Sede Electrónica da UDC, á Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ou ben mediante unha solicitude dirixida ao correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal), coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado e acompañado da copia do DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude á/ao delegada/o de protección de datos na mesma forma anteriormente indicada ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal). Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A vicerreitora de Estudiantes e Empregabilidade